

BASES E CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR COMPLEMENTARIO CURSO 2021/2022

A Constitución española de 1978 consagra, no seu artigo 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia. Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario.

Os artigos 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LRBRL) e o artigo 80.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade vecinal.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc. Así mesmo, o artigo 8 desta lei atribúe tamén competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 4 de maio) establece no artigo 4, que o ensino básico é obrigatorio e gratuito para todas as persoas. Así mesmo, o artigo 83 prevé a existencia de bolsas e axudas ao estudo para garantir a igualdade no exercicio do dereito á educación.

Finalmente, a Lei 13/2008, 3 decembro que regula o Sistema galego de servizos sociais de Galicia contempla no catálogo de servizos sociais as prestacións económicas, tendo un carácter esencial as axudas de necesidade social.

Por todo isto, apróbase a concesión de bolsas complementarias ao estudo para o curso 2021/2022 no marco xurídico definido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal e a demais normativa de aplicación.

BASES

1. OBXECTO E FINALIDADE DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria ten por obxecto regular a concesión de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar complementario destinadas ao alumnado empadroadado no Concello de Monforte e escolarizado para o curso 2021/2022 en educación infantil (3-6 anos), educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial nalgún dos centros docentes públicos ou concertados existentes no municipio.

As axudas teñen como finalidade apoiar ás familias con menor renda per cápita do municipio que presenta dificultades económicas para afrontar o gasto que supón o obxecto da axuda.

2. PERSOAS BENEFICIARIAS

Para ser beneficiario/a desta axuda é preciso cumprir os seguintes requisitos na data de finalización do prazo de presentación das solicitudes:

1. Ser pai, nai, titor/a ou persoa encargada da garda e custodia do alumno/a que no ano escolar da convocatoria correspondente vaian a cursar estudos nas etapas educativas de ensinanza indicadas nesta convocatoria, en calquera centro docente, público ou concertado, do Concello de Monforte de Lemos.
2. Que a renda per cápita da unidade familiar non supere o 55% IPREM para o ano 2021 (310,69€/mes) en cómputo anual (3.728,28€ ano por persoa). Para determinar a renda per cápita tomarase a renda da unidade familiar e dividirase polo número de membros da dita unidade como a continuación se especifica:

Nº membros UF	Ingresos netos mensuais	Ingresos anuais
2	621,38	7.456,56
3	932,07	11.184,84
4	1.242,76	14.913,12
5	1.553,45	18. 641,4

Non se computarán os ingresos seguintes:

- Prestación familiar por fillo menor a cargo da Seguridade social
- Prestacións económicas en aplicación da lei de dependencia
- A axuda económica para vítimas de violencia de xénero regulada no RD 1452/2005, de 2 de decembro

3. Que a persoa solicitante así como os e as menores beneficiarios da mesma, se atopen empadroados e residan efectivamente no Concello de Monforte de Lemos no momento de presentación da solicitude.

4. Que a persoa solicitante esté ó día no pago das obrigas tributarias municipais ou no caso de ter débedas que exista compromiso de pagamento.

5. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Excepcionalmente, poderase eximir do requisito recollido no punto 2 previo informe da traballadora social de referencia dos servizos sociais municipais que terá carácter preceptivo pero non vinculante sempre que queden acreditadas as circunstancias de dita excepcionalidade.

3. RENDA PER CÁPITA

Ós efectos destas bases reguladoras, enténdese por renda per cápita familiar a resultante de dividir a renda da unidade familiar do exercizo fiscal 2019 entre o número de membros computables, tendo en conta que computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade superior ou igual ó 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade social por incapacidade permanente ou a equivalente en clases pasivas.

A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Os membros da unidade familiar que presentasen a declaración do imposto sobre a renda de 2019, para os efectos dos cálculo da renda familiar sumarán os recadros base impositivo xeral (recadro 432) e a base impositivo de aforro(recadro 460) da declaración. No caso de non presentar declaración do imposto sobre a renda de 2019 teranse en conta os ingresos netos mensuais de todos os membros computables da unidade familiar segundo o establecido na base 8ª.

Non obstante, cando as circunstancias económicas actuáis non sexan coincidentes coa contía do IRPF ,teranse en conta estas últimas, sempre que se xustifiquen documentalmente e conste no expediente os motivos da variación (Anexo III), tanto para o cálculo da renda per cápita como para a aplicación do baremo, segundo o establecido na base 8ª.

4. DETERMINACIÓN DA UNIDADE FAMILIAR

Para os efectos previstos nesta convocatoria, terán consideración de membros computables da unidade familiar:

- a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.
- b) Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados. Terán a mesma consideración que os/as fillos/as as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.
- c) Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- d) Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- e) Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.

f) A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/da alumno/a.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e tódolos descendentes que convivan con eles.

Así mesmo, entenderase por familia monoparental a unidade familiar cando forme parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento, sendo este extremo xustificado documentalmente.

Non terá a consideración de membro computable:

a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.

b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

En todo caso, terase en conta a situación persoal e composición familiar no momento da presentación da solicitude.

5. CONTÍA E LÍMITE DAS AXUDAS

As axudas que se regulan nestas bases terán carácter único e non acumulativo, de tal maneira que só poderá concederse unha axuda por alumnado no mesmo ano para o mesmo concepto.

O contía máxima das axudas será a seguinte:

- 150 € para Educación Infantil por cada alumno/a.
- 100 € para Educación Primaria e por cada alumno/a.
- 120€ para Educación Secundaria Obrigatoria por alumno/a
- 150€ para alumnado matriculado nun centro de educación especial ou en unidades de educación especial de centros ordinarios ou cunha discapacidade superior ou igual ó 65% .

Non obstante o establecido no paragrafo anterior, a contía da axuda reducirase en proporción ás solicitudes presentadas que cumpran cos requisitos recollidos no punto 2, así como coas puntuacións obtidas segundo os criterios de baremación do punto 10.º.

6. COMPATIBILIDADE

Estas axudas serán compatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade concedidas por parte doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo total dos materiais subvencionados.

7. APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Para o financiamento destas subvencións destínase un crédito máximo de 20.000 € euros con cargo á aplicación orzamentaria 231.480.02 do Orzamento xeral municipal para o ano 2021.

8. SOLICITUDES

A solicitude formalizarase no formulario normalizado que figura como anexo I e que estará dispoñible nas oficinas do Centro de Servizos Sociais Municipais emprazado na R/Paseo do Malecón s/n ,no Rexistro Xeral do Concello sito en Campo de San Antonio s/n ou na páxina web municipal.

As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento:

- a) Modelo normalizado de solicitude (**Anexo I**)
- b) Certificado do centro educativo onde conste o curso no que se atopa matriculado para o curso 2021/22; que se atopa pendente matrícula ou que o alumno/a se atopa nunha unidade de educación especial de centros ordinarios (**Anexo II**)
- c) Fotocopia do D.N.I. ou NIE da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade de convivencia maiores de 14 anos.
- d) Fotocopia do D.N.I. ou NIE da persoa representante do/a solicitante.
- e) Fotocopia do Libro de familia completo ou, no seu defecto, documentación equivalente onde figure o/a alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar.
- f) No caso de que o pai e a nai ou o titor/es do alumno/a carezan de DNI ou NIE achegarase un certificado de convivencia, no caso de non autorizar a súa consulta, ou no seu defecto informe dos servizos sociais.
- g) No caso de separación/divorcio legal achegarase a copia da sentenza de separación, divorcio, nulidade do matrimonio ou medidas paterno filiais respecto ó/á menor, xunto co convenio regulador ou, en defecto destes, declaración xurada de percibir ou non pensión alimenticia a favor de fillo/a a cargo.
- h) No caso de separación de feito achegarase xustificante da interposición da demanda de divorcio ou calquera documentación avale esta situación.
- i) No caso de viuvez da nai/pai acreditarase mediante certificado de defunción.
- j) Título de Familia Numerosa.
- k) Certificado de convivencia no que o menor/es figure/n empadroados coa persoa solicitante, **no caso de non autorizar a súa consulta na solicitude.**
- l) Certificado de estar ó día no pago das obrigas tributarias municipais, **no caso de non autorizar a súa consulta.** No caso de existir débedas, xustificante de compromiso de pagamento fraccionado emitido pola oficina de recadación municipal.
- m) Fotocopia da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou na falta desta o certificado tributario de imputacións do exercizo 2019 da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade familiar, de ser o caso.
- n) No caso de que algún dos membros da unidade de convivencia non esté obrigado a presentar a declaración da renda ou se aleguen circunstancias económicas especiais non coincidentes coa presentación do IRPF 2019 e así conste no anexo III presentarase a seguinte documentación, segundo corresponda:
 - 1. En activo: Nóminas de Marzo, abril e Maio de 2021
 - 2. Desempregados: Tarxeta de demanda de emprego e certificación do Servizo público de emprego de Galicia conforme percibe ou non prestación por desemprego e da Seguridade Social conforme percibe ou non algún tipo de prestación.
 - 3. Pensionistas: Xustificación da pensión emitida polo organismo competente.
 - 4. Perceptores de salario mínimo vital: Certificado de la Seguridade social.
 - 5. Perceptores de RISGA: Certificado Resolución actualizada da concesión da prestación.
 - 6. Outros ingresos regulares: declaración responsable de ingresos
- o) No caso de discapacidade e/ou dependencia dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude deberá presentarse: certificado emitido polo órgano competente do grao de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ao 33% ou resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente no termos de total, absoluta, gran invalidez ou documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.
- p) No caso de situación de violencia de xénero no ámbito familiar documentación acreditativa.
- q) En caso de adopción, acollemento ou tutela, documento acreditativo emitido polo órgano competente.
- r) Acreditación documental doutras circunstancias a ter en conta na valoración e baremación da solicitude.

No suposto de que algúns dos documentos requiridos non podan presentarse por impedimento legal ou administrativo substituirase por unha declaración xurada con compromiso de achegalo durante a tramitación do procedemento (**Anexo II**)

9. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES E PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

A solicitude e documentación presentarase no Rexistro dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos emprazado na secretaría do Centro Cívico Social, no Paseo do Malecón s/n, no Rexistro Xeral do Concello, no Campo de San Antonio s/n, C.P. 27400, Monforte de Lemos, Lugo ou a través da sede electrónica municipal (www.sede.monfortedelemos.es).

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do extracto das bases e convocatoria no boletín oficial da provincia (BOP). As bases estarán a disposición das persoas interesadas nas

dependencias dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos, no Rexistro Xeral do Concello e na páxina web do Concello a partires desa data.

De acordo co artigo Art. 68 da Lei 35/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, se as solicitudes presentadas non reunisen os requisitos sinalados, requirirase ás persoas interesadas para que no prazo máximo e improrrogable de dez días subsanen a falta ou acompañe os documentos preceptivos. No caso de non facelo teráse por desistido da súa petición e arquivarase o expediente.

Estas bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo(BOP) e remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será quen lle dea traslado ao BOP do extracto desta.

10. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS E A SÚA PONDERACIÓN

Para a concesión das axudas puntuarase en función dos seguintes criterios en base as circunstancias sociofamiliares:

- A. Familia monoparental debidamente acreditada: 2 puntos
- B. Familias numerosas valorarase con :
 - i. Familias con 3 fillos/as: 2 puntos
 - ii. Familias con mais de 3 fillos/as: 4 puntos
- C. Por cada un dos membros da unidade familiar cunha discapacidade e/ou dependencia recoñecida:
 - i. Discapacidade igual ou superior o 33% e inferior a 65% ou dependencia moderada: 2 puntos
 - ii. Discapacidade igual o superior o 65% ou dependencia severa/gran dependencia: 4 puntos
- D. Familias incluídas no servizo de educación e apoio familiar municipal: 2 puntos
- E. Situación de violencia de xénero/doméstica: 2 puntos
- F. Número de membros da unidade familiar que se atope en situación de desemprego:
 - i. Un membro en situación de desemprego: 2 puntos
 - ii. Dous ou mais membros en situación de desemprego: 4 puntos
- G. Outras circunstancias familiares nas que se acredite unha situación de vulnerabilidade social debidamente acreditados (drogodependencias...): 2 puntos.

Unha vez realizada a valoración, e en base aos puntos acadados, o importe da subvención será o resultado de aplicar as seguintes porcentaxes:

- De 0 a 10 ptos..... 75% do importe previsto para cada axuda por alumno e nivel educativo.
- Maior de 10 ptos.....100% do importe previsto para cada axuda por alumno e nivel educativo.

11.PROCEDIMENTO DE VALORACIÓN

A ordenación e instrución do procedemento corresponderalle ós servizos sociais que realizarán de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución, previo informe de valoración da Comisión de valoración.

12.COMISIÓN DE VALORACIÓN

Constituirase unha Comisión de valoración composta pola Concelleira da área de servizos sociais e discapacidade, dúas técnicas dos servizos sociais comunitarios e un/unha técnico/a do servizo de Intervención, que terá como función a emisión dun informe no que se concrete o resultado da valoración das solicitudes de axudas presentadas.

Esta Comisión será a encargada de valorar as solicitudes presentadas conforme os criterios establecidos na base 10ª e de elaborar unha proposta de resolución que será elevada ó órgano competente para a adxudicación das axudas.

Así mesmo, a Comisión de valoración terá a competencia para interpretar as Bases reguladoras no caso de que poida xurdir algunha incidencia ó respecto.

13. RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

A proposta de resolución conterá os seguintes extremos:

- A. Relación de solicitantes aos que se propón conceder a subvención con especificación da contía de subvención proposta para cada un deles.
- B. Especificación dos criterios seguidos, xunto coa súa valoración.
- C. No seu caso, causas da desestimación de solicitudes presentadas ou da denegación de axudas solicitadas.

A Xunta de Goberno Local, á vista da proposta da resolución, resolverá o procedemento.

O prazo máximo de resolución será o establecido no artigo 25.4 da Lei Xeral de Subvencións. O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexitima ás persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de acordo co artigo 25.5 do mesmo texto normativo.

A resolución publicarase na páxina web municipal así como no centro de servizos sociais.

14. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

As xerais recollidas no artigo 10 da Ordenanza Xeral de Subvencións municipal, no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e as seguintes:

- A. Cumprir todas as estipulacións establecidas nas bases da convocatoria.
- B. Responder da veracidade dos datos da solicitude.

15. FORMA E PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS.

Tras a resolución de concesión da axuda económica, as contías serán aboadas mediante a entrega dun vale, que será único por cada alumno e estará selado e asinado pola persoa coordinadora dos servizos sociais municipais.

Desde xeito, a persoa beneficiaria acudirá á secretaría do centro de Servizos Sociais do Concello para retirar o vale da axuda concedida no prazo de 1 mes desde a publicación da resolución de concesión. No caso de non retirar o vale no prazo establecido entenderase existe unha renuncia tácita e procederase a anular o vale. Do mesmo xeito, anularanse os vales cando se presente a renuncia expresa.

No caso do alumnado pendente de matrícula en setembro a entrega do vale estará condicionada á presentación do certificado de matriculación no curso 2021/22.

Unha vez que a persoa solicitante este en posesión do vale, poderá adquirir os libros e material escolar nas librarías de Monforte de Lemos, a súa libre escolla e polo importe máximo que figura no documento.

En caso de extravío do vale tanto pola persoa beneficiaria coma por librería non expedirán un novo vale.

Se o importe do material escolar adquirido é inferior ó valor do vale, o persoal do establecemento deberá establecelo na factura que emitirá o concello de Monforte de Lemos facendo constar o número de vales e o importe realmente gastado, perdendo a persoa beneficiaria a diferenza; se o importe fose superior ó do vale, o persoal do establecemento emitirá a factura polo importe do vale e a diferenza será facturada á persoa solicitante. O concello soamente asumirá a contía establecida no vale.

Os vales non poderán ser fraccionados, é dicir, o importe de cada vale só pode ser utilizado nun único establecemento.

Unha vez entregado o material escolar a persoa solicitante entregará o vale asinado ó establecemento que quedará en posesión do mesmo.

A aceptación dos vales polos establecementos supón a aceptación das condicións desta convocatoria.

Os establecementos deberán presentar as facturas individualizadas acompañadas dos vales correspondentes no rexistro xeral do concello de Monforte de Lemos emprazado no Campo de San Antonio de Monforte de Lemos, detallando o material escolar adquirido con cada vale, debendo este, vir asinado polo solicitante e polo propio establecemento. As facturas deberán cumprir cos requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012 polo que se aproba o Regulamento de facturación.

O prazo para presentar facturas rematará ó día 31 de outubro de 2021.

16.CONTROL, APLICACIÓN, REVISIÓN E REINTEGRO DE SUBVENCÍONS

O departamento correspondente poderá requirirle á persoa solicitante cantos documentos e aclaracións considere necesarios para completar o expediente, e tamén poderá dispor a comprobación oportuna dos datos consignados polos peticionarios.

Tendo en conta que as axudas desta convocatoria responden a unha determinada situación do perceptor comprobada previamente á concesión entenderase xustificada a mesma mediante a presentación das facturas por parte dos establecementos acompañadas dos correspondentes vales.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, así como os xuros de demora, nos casos previstos na Lei Xeral de Subvencións e na Lei de Subvencións de Galicia (art. 36 e 37 respectivamente), e nos seguintes casos:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o impedian.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo que fundamente a concesión da axuda e dicir ó emprego do importe recibido para finalidades distintas a adquisición de material escolar.
- c) Incumprimento das obrigas impostas pola administración, así como dos compromisos asumidos polos beneficiarios das axudas, sempre que afecten ou se refiran o obxecto da subvención.

17. RECURSOS

Contra a resolución definitiva, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición perante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á notificación da resolución ou ben directamente o recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen perxuício de calquera outro recurso que estime procedente.

18.PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos de carácter persoal que se faciliten na participación do presente procedemento serán incorporados nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Monforte de Lemos, con domicilio en Campo de Santo Antonio,s/n-27400 de Monforte de Lemos(Lugo), onde se poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se é o caso, o de oposición.

Mediante a participación no presente procedemento, os titulares dos datos persoais facilitados consenten expresamente o seu tratamento coa finalidade de levar a cabo a tramitación deste procedemento.

19.DISPOSICIÓN ADICIONAL

Primeira- Para o non previsto nas presentes bases estarase ó disposto na Ordenanza xeral reguladora de subvencións municipal e, de xeito supletorio, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións; no RD 887/2006, de 17 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Monforte de Lemos, na data da sinatura dixital

Gloria Prada Rodríguez
A Concelleira de servizos sociais e discapacidade